



n. 11, maio de 2015

RAMÓN PIÑEIRO: CONCIENCIA E SER DE GALICIA

O 31 de maio deste 2015 é o centenario do nacemento de Ramón Piñeiro López e o 25 de agosto o 25º aniversario da súa morte. RP é unha persoa fundamental no devir da política e da cultura galegas no século XX. Estivo presente e, con frecuencia como protagonista, en moitos dos movementos políticos e das empresas culturais que tomaron corpo en Galicia a partir dos anos 30. As súas decisións políticas foron causa de controversia e iso alimenta e fai máis necesarios os estudos sobre a súa figura.

Na Fundación Penzol consérvase parte moi importante do seu legado, como é a súa correspondencia e documentación referente aos seus anos á fronte do Partido Galeguista na etapa da clandestinidade. Tamén está exposta de maneira permanente unha recreación do seu gabinete, coa famosa mesa de braseiro á que tantas visitas sentaron no seu domicilio da rúa Xelmírez de Santiago.



Dedicamos este número de NOVAS PENZOL a presentar os fondos bibliográficos e de arquivo que se atopan na Penzol, tanto da autoría de RP como sobre a súa figura ou a súa obra.

Como autor presentamos 58 referencias de monografías, 28 nas que aparece como prologuista, tradutor ou antólogo e 78 artigos publicados en revistas. Sobre RP e a súa obra aparecen 36 referencias de monografías e 78 de artigos en revistas.

No referente aos materiais de arquivo o máis salientábel é a súa correspondencia con máis de 1.200 cartas das que é remitente e máis de 5.000 das que é destinatario. Tamén hai moitos informes, especialmente de tipo político, e unha ampla colección de orixinais de textos de máis de cen autores e autoras diferentes.

Agradezo ao persoal da Fundación Penzol, a súa colaboración para a realización deste boletín.

Saúdos cordiais
Silvestre Gómez Xurxo
Responsábel de Novas Penzol

FUNDACIÓN PENZOL * Casa Galega da Cultura * Praza da Princesa, 2 * 36202 VIGO. Teléfono: 986 226459 * Fax: 986229081 * correo-e: casa.galega.cultura@vigo.org.

Horario público: luns a venres: 9:00 a 14:00 h. - 17:00 a 20:00 * 15 de xuño ao 15 setembro: abre só polas mañás

Nota biográfica de Ramón Piñeiro

Ramón Piñeiro López nace en Armea, concello de Láncara, o 31 de maio de 1915. De familia humilde, mais preocupada pola cultura, estuda en Lugo o bacharelato elemental entre 1924 e 1928, período no que descobre a literatura e máis concretamente a literatura en galego. Despois de interromper os estudos por razóns económicas, volve a Lugo a fins de 1931 para estudar o bacharelato superior. Trala guerra estuda en Santiago os cursos comúns de Filosofía e Letras e en 1942 marcha a Madrid para realizar os estudos de Filosofía Pura, que non chegou a rematar.

O seu interese pola política comeza en Sarria no ano 1931, onde desempeñaba traballo de contábel nunha ferraxería. Alí ten os primeiros contactos co galeguismo. Como lector do diario *El Pueblo Gallego* familiarízase cos escritos en galego de persoas de tanto prestixio coma Otero Pedrayo. Tamén en Sarria, proclamada a II República, asiste a un mitin no que interveñen Xulio Sigüenza, Lois Peña Novo e Ánxel Fole, e RP comeza a interesarse polo movemento galeguista.

Nos anos 1932 e 1933 ten ocasión de escoitar en Lugo a galeguistas sobranceiros coma Castelao, Suárez Picallo e Paz Andrade e de coñecer a Otero Pedrayo. Isto alicerza o seu galeguismo e funda con compañeiros de instituto a Mocidade Galeguista de Lugo, da que foi Secretario de Cultura. Axiña comeza a desempeñar un papel importante: relaciónnase cos líderes do Partido Galeguista e foi elixido secretario do Comité Provincial do partido.

En 1934 participa no *Mitin das Arengas*, celebrado na praza compostelá da Quintana o 25 de xullo, con Castelao, Bóveda, Otero Pedrayo, Paz Andrade e Suárez Picallo. En 1936 é elixido Secretario do Comité Provincial para o plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia, organizado polo PG.


No 1936 durante o levantamento militar contra o goberno, Ramón Piñeiro participa con Ánxel Fole, como representantes do PG, na comisión asesora do Gobernador Civil de Lugo en defensa da República. Despois incorpórarse a filas no exército dos sublevados como única maneira de salvar a vida. Remata padecendo unha grave depresión.

Rematada a guerra mantén contactos con compañeiros galeguistas coma Xaime Illa e Marino Dónega e comezan a tratar da reorganización do PG. Esta reorganización toma corpo nunha xuntanza celebrada en Coruxo (Vigo) en 1943 da que sae formado un Comité Executivo provisorio integrado por Manuel Gómez Román, como Secretario Xeral, Otero Pedrayo e Plácido Castro, aínda que a acción política pasa a ser desempeñada por membros máis xoves coma Francisco Fernández del Riego e, moi especialmente, Ramón Piñeiro, que remata sendo a persoa con maior decisión ideolóxica e executiva.

No ano 1946, coa axuda dos nacionalistas vascos, cruza os Pirineos a pé para viaxar a París, onde se entrevista con José Giral, presidente do goberno republicano no exilio. As encargas que levaba Piñeiro eran, que se incluíse

un galego como ministro dese goberno e que este fose Castelao e recabar información dos planos e medios que o goberno tiña para derrocar o réxime de Franco. De volta a Madrid, Ramón Piñeiro foi detido nunha reunión na que ía informara outros grupos clandestinos das súas xestións en Francia. Foi condenado a seis anos de cárcere, dos que cumpriu tres. Sae do cárcere no 1949.

No 1952 casa con Isabel López García e establecen a súa residencia en Santiago.



Manuscrito de RP co comezo da súa intervención no Mitin das Arengas



RP coa súa dona Isabel, 1963

O goberno de Giral fracasa e o réxime franquista está moi afortalado cara fins da década dos 40. Esta situación crea un desánimo evidente nos sectores antifranquistas e concretamente no galeguismo do interior, que, con RP como persoa máis relevante, valora e decide tomar a vía cultural como camiño axeitado para a galeguización das novas xeracións. Crean a editorial Galaxia no ano 1950, producíndose paralelamente a desaparición práctica do PG. Estas decisiós afondan o desacordo que se viña producindo dende había uns anos entre o galeguismo do exilio e o do interior.

A opción pola loita cultural e a creación de Galaxia non supón o abandono da política por parte de RP. A esas alturas Piñeiro ten a convicción de que Galicia non precisa un partido galeguista, senón que todos os partidos democráticos asuman o galeguismo. Fálase, entón, do *Piñeirismo* que tiña como principal obxectivo, segundo Beramendi e Núñez Seixas (*O nacionalismo galego*, Ed. A Nosa Terra, 1996), “suscitar unha galeguización efectiva da sociedade galega mediante unha actuación cultural, renunciando explicitamente á formación de partidos políticos exclusivamente nacionalistas e galegos”. O *Piñeirismo* foi tamén moi cuestionado no ámbito nacionalista do interior.

Coa chegada da democracia RP apoia diversos manifestos a prol do autogoberno para Galicia, coma o *Manifesto dos 29* (1977) e o *Manifesto da aldraxe* (1979) e participa en *Realidade Galega* (1980).

Nas primeiras eleccións democráticas foi candidato ao senado por Lugo na Candidatura Democrática Galega, sen conseguir o escano. Porén, conseguiu escano no primeiro Parlamento Galego (1981), como deputado do PSdeG-PSOE. Nese primeiro período lexislativo foi relator e defensor da Lei de Normalización Lingüística (1983). Tamén no 1983 foi elixido presidente do primeiro Consello da Cultura Galega, cargo que ocupou ata o seu pasamento en 1990.

Ramón Piñeiro desempeña tamén un papel sobranceiro no desenvolvemento da cultura galega na segunda metade do século XX. Xunto con Xaime Illa e Francisco Fernández del Riego, é un dos impulsores da editorial Galaxia, da que foi o primeiro director literario. Para Galaxia un dos proxectos más importantes era a edición dunha revista. Con esa idea nacen os cadernos Grial, dos que se publican catro números antes de serllas prohibida a publicación. A revista Grial consigue a autorización administrativa en 1963 e dende entón foi codirixida por RP e Francisco Fernández del Riego ata 1989 e nela ambos os dous teñen un alto número de colaboracións.

Un obxectivo fundamental de Galaxia era a dignificación da lingua galega e nese senso era importante que aparecesen nela publicacións sobre os distintos eidos do saber. Piñeiro colabora nisto realizando traducións coma a do *Cancioeiro da poesía céltica*, de Julius Pokorny, en colaboración con Celestino Fernández de la Vega, e a conferencia de Martin Heidegger “*Da esencia da verdade*”. Tamén realizou a revisión e publicación do *Diccionario gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González (Galaxia, 1958,1960,1961), que finara en 1949 sen publicalo.

No ano 1963 participa na creación da Fundación Penzol, sendo un dos padroeiros que figuran na acta notarial de constitución.

No ano 1966, foi convidado ao Middlebury College de Vermont (EEUU) para impartir cursos, que se prolongaron durante catro veráns, sobre a sociedade e o pensamento español.

En 1967 ingresa na Real Academia Galega co discurso *A lingoaxe i as língoas*.

Nos seus últimos anos RP recibiu importantes recoñecementos. En 1984 recibe a *Creu de Sant Jordi* da Generalitat de Catalunya. En 1985, a Medalla Castelao. En 1990 recibe o Premio Fernández Latorre de xornalismo, concedido por *La Voz de Galicia* e a Universidade de Santiago de Compostela concédelle a Insignia de Ouro.

En 1993 foi inaugurado o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, que en 1997 pasou a denominarse Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Este Centro publica dende 2003 os *Cadernos Ramón Piñeiro*, subtitulados como *Cadernos galegos de pensamento e cultura*.

No ano 2000, a Editorial Galaxia comezou a convocar os *Premios Ramón Piñeiro de ensaio*, e en 2003, o Centro Ramón Piñeiro os *Premios Centro Ramón Piñeiro de ensaio breve*. Na actualidade, ambos os dous premios ficán unificados baixo a denominación *Premio de Ensaio Ramón Piñeiro*.

A Real Academia Galega decidiu dedicarlle o Día das letras galegas do ano 2009.

Ramón Piñeiro falece en Santiago de Compostela o 27 de agosto de 1990.

BIBLIOTECA DA FUNDACIÓN PENZOL E BIBLIOTECA FERNÁNDEZ DEL RIEGO

RAMÓN PIÑEIRO, AUTOR



monografías

(libros, separatas, folletos)

NOTAS: Da Biblioteca Fernández del Riego soamente se citan os títulos que non hai na Penzol ou aqueles que teñen dedicatorias do autor.

RP usa o pseudónimo Luís Veiga do Campo nalgúns dos seus escritos.

- **El sobre literario. 2.** Valencia : Ediciones Panel, 1950. Sign.:C-458/12.
- **Siñificado metafísico da saudade : notas pra unha filosofía galaico-portuguesa.** Vigo : Galaxia, [ca. 1951]. Sign.:C-46/4. Dedic. autógr. do autor.
- **Presencia de Galicia / Ramón Piñeiro ... et al..** Vigo : Galaxia, 1951. Sign.: 39/55.
- **Pra unha filosofía da saudade .**Vigo : Galaxia, 1953. Sign.: C-167/6.
- **La saudade : Ensayos / Ramón Piñeiro ... et al..** Vigo : Galaxia, 1953. Sign.: 39/61.
- **La saudade : Ensayos / Ramón Piñeiro ... et al..** Vigo : Galaxia, 1953. Sign.:MRL-137.
- **Dos ensayos sobre la saudade / Ramón Piñeiro ; traducidos del gallego por Celestino F. de la Vega.** Buenos Aires : Alén-Mar, cop. 1961. Sign.: 21/197. Dedic. autógr. do autor a Fermín Penzol.
- **Dos ensayos sobre la saudade / Ramón Piñeiro ; traducidos del gallego por Celestino F. de la Vega.** Buenos Aires : Alén-Mar, cop. 1961. Sig.: FR-70/140. Dedic. autógrafo.
- **Carta a Marcia Andersen .** Vigo : Grial, 1966 ; p. 393-407 ; Sign.: C-143/26.



- **A Lingoaxe i as língoas :** discurso lido o día 25 de novembro na súa recepción pública / por Ramón Piñeiro López ; e resposta por Domingo García Sabell. Vigo: Galaxia, 1967. Sign.: 14/204. Dedic. autógrafo do autor.
- **A Lingoaxe i as língoas :** discurso lido o día 25 de novembro na súa recepción pública / por Ramón Piñeiro López ; e resposta por Domingo García Sabell. Vigo : Galaxia, 1967. Sign.: FR-67/5. Dedic. autógrafo do autor.
- **Xohan Vicente Viqueira : vida, persoalidade, pensamento /** por Luis Veiga de Campo. Buenos Aires : s.n., 1969; (Artes Gráficas Cadop). Sign.: C-188/12.
- **Homenaxe a Fermín Penzol /** Ramón Piñeiro ... et al.. Vigo : Galaxia, 1972. Sign.: 39/54.
- **Carta a Don Manuel Rodrigues Lapa.** Vigo : Galaxia, Grial, 1973; p.389-402. Sign.: C-206/25.
- **Lembrando a Castelao =Recordando a Castelao = Recordant Castelao = Castelao ren oriomenez /** Ramón Piñeiro ; presentación de Xosé Luis Fontenla Rodríguez. Ed. tetralingüe. Santiago de Compostela : SEPT, 1975. Sign.: 28/37.

- **Olladas no futuro.** Vigo : Galaxia, D.L. 1974. Sign.: 39/251.
- **El Regionalismo gallego.** Madrid : s.n., 1974; p.. 519-529. Sign.: FR-68/4(19). Dedic. autógr. do autor
- **Inauguración da Galería Sargadelos en Madrid / conferencias de Ramón Piñeiro ... et al..** Sada : Ediciós do Castro, 1975. Sign.: 36/48.
- **Visicitudes históricas da cultura galega.Inauguración da Galería Sargadelos en Madrid/ conferencias de Ramón Piñeiro ... et al..** Sada : Ediciós do Castro, 1975. Sign.: 36/48.
- **Sobre o pensamento galego da Xeneración Nós.** Ourense : Museo Arqueológico Provincial, 1975; p. 331-35 ; Sign.: C-215/28.
- **Ciclo Castelao.** A Coruña : Servicio de Publicaciones del Club de Dirigentes de Empresa, D.L. 1976. Sign.: C-213/20.
- **Ramón Piñeiro, biografía dunha resistencia/ [Entrevista]** Ramón Piñeiro, Freixanes, Victor F: Unha ducia de galegos. Vigo, Galaxia, 1976; p. 103-132. Sign.: 39/298.
- **Importancia decisiva da Xeneración "Nós".** Vigo : s.n., 1978. Grial ; p.. 8-12 ; Sign.: C-212/26.
- **Evolución cultural de Galicia :** ciclo de conferencias promovido pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo / Ramón Piñeiro ... et al.. Vigo : Caixa de Aforros Municipal, D.L. 1980. Sign.: 28/278.
- **Consideracións sobre a cultura galega :** conferencia pronunciada no Auditorio da Caixa de Aforros Municipal de Vigo. Vigo : Caja de Ahorros Municipal de Vigo, 1980. Sign.: C-269/14. Dedic. autógr. do autor.
- **Filosofía da saudade.** Vigo : Galaxia, D.L. 1984. Sign.: 40/75.
- **Heidegger na cultura galega.** Vigo : Galaxia, 1989. Grial; p. 384-389. Sign.: FR-C-18/19.
- **Luís Pimentel : 1895-1958 : unha fotobiografía /** Ramón Piñeiro ... et al.. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, D.L. 1990. Sign.: 25/35.
- **Presencia de Galicia /**Ramón Piñeiro ... et al.. Ed. facsimilar Vigo : Galaxia, D.L. 1991. Sign.: 40/4(1).
- **Cartas para os amigos.** Ed. non venal. Santiago de Compostela : El Correo Gallego : Compostela, D.L. 1992. Sign.: 19/316.
- **A Lingoaxe i as língoas :** discurso lido o día 25 de novembro de 1967 na súa recepción pública / por Don Ramón Piñeiro López ; e resposta de Don Domingo García-Sabell. Galicia : Diario 16 de Galicia, D.L. 1992. Sign.: C-355/5.
- **Filosofía da saudade.** Vigo : Galaxia, imp. 1995. Sign.: 142/62.
- **Galicia.** Vigo : Galaxia, imp. 1999. Sign.: 26/385.
- **Un Epistolario de Ramón Piñeiro /** escolma de Francisco Fernández del Riego. Vigo : Galaxia, 2000. Sign.: 44/308.
- **Fermín Penzol .** Vigo : Galaxia, 2001. Sign.: 32/341.
- **Filosofía da saudade.** A Coruña : La Voz de Galicia, D.L. 2001. Sign.: 43/405.
- **Da miña acordanza : memorias.** Vigo : Galaxia ; A Coruña : Fundación Caixa Galicia, 2002. Sign.: 52/193.
- **Galicia /** Ramón Piñeiro ; fotografía Vítor Vaqueiro ; tradución ao inglés Benigno Fernández Salgado, John Rutherford. Vigo : Galaxia, 2002. Sign.: 10/84.
- **Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero /** edición de Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez, Carmen Fariña Miranda. Santiago de Compostela : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 2004. Sign.: 53/204. Dedic. autógrafa de Xesús Alonso Montero.
- **Cartas a un mozo galego : correspondencia con Xosé Luis Allué, 1953-1967 /** Ramón Piñeiro ; Ánxel Fole ... et al. ; prólogo de Francisco Fernández del Riego. Vigo : Galaxia, 2005. Sign.: 56/217.
- **A Linguaxe e as lingua**s / Ramón Piñeiro ; limiar Henrique Monteagudo ; discurso de resposta Domingo García-Sabell. Vigo : Galaxia, imp. 2008. Sign.: 133/82.
- **Olladas no futuro.** Vigo : Galaxia, imp. 2008. Sign.:133/117.
- **Cando o futuro comenzaba : correspondencia 1955-1990 /** Ramón Piñeiro, Xosé Luís Franco Grande. Vigo : Galaxia, D.L. 2009. Sign.: 137/48.
- **Cartas :** (a Xosé F. Filgueira Valverde, Agustín Sixto Seco, Gabriel Celaya, Miguel C. Vidal, Juan San Martín, Francisco X. Carro Rosende e Xosé M. Rodríguez Pampín) / edición de Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto. Santiago de Compostela : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 2009. Sign.: 136/116.
- **Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado /** edición de Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto ; colaboración de Mª Montserrat Vázquez Rivero. Santiago de Compostela : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 2009. Sign.: 136/117.




- **Do sentimento á conciencia de Galicia : correspondencia 1961-1984** / Ramón Piñeiro, Basilio Losada ; edición María Jesús Lama, Helena González. Santiago de Compostela : Xunta de Galicia ; Vigo : Galaxia, imp. 2009. Sign.: 136/111.
- **Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo : (1952-1971)** / edición, introducción e notas de, Luís Cochón, Miro Villar ; ilustracións Virxilio. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 2009. Sign.: 136/118.
- **Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo : (1952-1971)** / edición, introducción e notas de, Luis Cochón, Miro Villar. Santiago de Compostela : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, imp. 2009. Sign.: FR3-33/133. Dedic. autógrafa de Xesús Alonso Montero.
- **Filosofía da saudade.** Vigo : Galaxia, 2009. Sign.: 136/9.
- **Galicia** / Ramón Piñeiro ; fotografía Vítor Vaqueiro ; tradución ao galego Leandro García Bugarín ; traducción ao inglés Benigno Fernández Salgado, John Rutherford. 2ª ed. Vigo : Galaxia, 2009. Sign.: 136/15.
- **Ramón Otero Pedrayo, mestre da cultura galega : conferencias e ensaios** / por Ramón Piñeiro ; limiar Ramón Villares. Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, D.L. 2009. 80 p. : il. + 1 disco compacto (CD-DA). Sign.: 136/80. Exemp. n. 244 dunha tirada de 500.
- **Sobre o Museo do Pobo Galego.** Santiago de Compostela : Museo do Pobo Galego, 2009. Sign.: C-447/8.
- **Vida e obra de Ramón Piñeiro : escolma de textos** / edición de Beatriz García Turnes. Vigo : Galaxia, imp. 2009. Sign.: 134/145.
- **Vida e obra de Ramón Piñeiro** / edición e introdución Beatriz García Turnes. Vigo : Galaxia, imp. 2009. Sign.: C-441/24.
- **O Espertar da conciencia galega : galeguismo, cultura e identidade : ensaios e artigos dispersos (1950-1990)** / Ramón Piñeiro ; limiar e edición Henrique Monteagudo. Vigo : Galaxia, 2009. Sign.: FR3-33/120.
- **Ramón Piñeiro, epistolario luguéns** / edición de Luis Alonso Girgado, Elida Abal Santorum, Alexandra Cillero Prieto; edición das cartas a Uxío Novoneyra Iris e Luis Cochón. Santiago de Compostela : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 2010. Sign.: 137/196.
- **Cartas a Fermín Penzol** : de Ramón Piñeiro, Ramón Cabanillas, Ben-Chó-Shey, Otero Pedrayo / Edición, introdución e notas de Luís Cochón, coa colaboración de Lorena Domínguez Mallo, Anastasio Iglesias Blanco. Santiago de Compostela : Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, D.L. 2013. Sign.: 146/91.




RAMÓN PIÑEIRO, AUTOR prologuista, tradutor, antólogo

- **Cancioeiro da poesía céltiga** / recompilado por Julius Pokorny ; traducción de Celestino F. de la Vega e Ramón Piñeiro. Santiago de Compostela : Bibliófilos Gallegos, 1952. Sign.:16/81. Exemp. n. 483.
- **Novoneyra, Uxío**
Os Eidos : terras outas e soias do Caurel : 1952-1954 / Novoneyra ; carta-prólogo de Ramón Piñeiro. Vigo : Galaxia, imp. 1955. Sign.:39/10.



- **Cortezón, Daniel**
As Covas do Rei Cintolo / Daniel Cortezón Alvarez ; limiar de R. Piñeiro. Vigo : Galaxia, 1956. Sign.: 39/37.
- **Heidegger, Martin**
Da esencia da verdade / Martin Heidegger ; traducción, introducción e notas de Celestino F. de la Vega e Ramón Piñeiro. Vigo : Galaxia, 1956. Sign.: 39/26.
- **Maside, Carlos**
50 dibuxos de Maside / limiar de Ramón Piñeiro. Vigo : Galaxia, D.L. 1959.
VI p., 49 p. de lám. ; Sign.: 48/49. Exemp. n. 223 dunha tirada de 500.
- **Méndez Ferrín, Xosé Luis**
O Crepúsculo e as formigas / Xosé L. Méndez Ferrín ; prólogo de Ramón Piñeiro ; ilustraciós de Raimundo Patiño. Vigo : Galaxia, D.L. 1961. Sign.: 39/118.
- **Lugrís, Ramón**
Vicente Risco na cultura galega : Ensaio / Ramón Lugrís ; prólogo de Ramón Piñeiro. Vigo : Galaxia, 1963. Sign.: 39/120.
- **O mito da Espenuca de Platón** / introducción de Ramón Piñeiro ; traducción de M. Vidán Torreira. Vigo : Grial, 1965. Sign.: C-130/4.
- **Menéndez-Valdés Golpe, Eduardo**
Separatismo y unidad : (una mitificación histórica) / Eduardo Menéndez-Valdés Golpe ; prólogo Ramón Piñeiro. Madrid : Seminarios y Ediciones, D.L. 1973. Sign.: FR-70/214.
- **Siro**
Probes homes / Siro ; limiar de Ramón Piñeiro. Vigo : Galaxia, 1975. Sign.: 39/45.
- **Araúxo Iglesias, Miguel Anxo**
A Igrexa de Mondoñedo nas súas sinodais : discurso de ingreso na Real Academia Galega / por Miguel A. Arauxo Iglesias ; resposta do académico Ramón Piñeiro. A Coruña : Real Academia Galega, 1976. Sign.: C-236/14.
- **Moralejo Alvarez, Juan José**
A Lingua galega hoxe / Juan José Moralejo Alvarez ; prólogo de Ramón Piñeiro. 1ª ed.. Vigo : Galaxia, D.L. 1977. Sign.: 42/105.
- **Teixeiro Piñeiro, Anxo**
Autonomías e constitución : Notas para un debate estatutario galego / Anxo Teixeiro Piñeiro ; limiar Ramón Piñeiro. Santiago de Compostela : Follas Novas, 1978. Sign.: 26/306.
- **Pondal, Eduardo**
Queixumes dos pinos / Eduardo Pondal ; prólogo de Ramón Piñeiro. Ed. facsimilar. A Coruña : La Voz de Galicia, D.L. 1979. Sign.: 27/282.
- **García-Bodaño, Salvador**
Ao pé de cada hora / Salvador García-Bodaño; prólogo de Ramón Piñeiro. 2º ed..Vigo : Galaxia, 1980. Sign.: 40/38.
- **Villar Janeiro, Helena**
O Sangue na paisaxe / Helena Villar, Xesús Rábade ; limiar de Ramón Piñeiro. Santiago : Edicións do Cerne, D.L. 1980. Sign.: 27/169.
- **Carballo Ferreiro, Xosé Manuel**
Paráboras chairegas / Xosé Manuel Carballo ; limiar de Ramón Piñeiro. Vigo : Castrelos, 1981. Sign.: 20/301.
- **Torres Queiruga, Andrés**
Nova aproximación a unha filosofía da saudade : discurso lido na recepción pública de 20 de xuño do 1980 / por Andrés Torres Queiruga; e resposta de Ramón Piñeiro López. A Coruña: Real Academia Galega, 1981. Sign.: C-114/4.
- **Brañas, Alfredo**
El Regionalismo : estudio sociológico, histórico y literario / por Alfredo Brañas ; precedido de un prólogo escrito por Juan Barcia Caballero ; prólogo da ed. facs. de Ramón Piñeiro. Ed. facsimilar. Carballo : Centro Cultural "Alfredo Brañas", D.L. 1982. Sign.: 28/281.
- **Méndez Ferrín, Xosé Luis**
O Crepúsculo e as formigas / X. L. Méndez Ferrín ; prólogo de Ramón Piñeiro. 2ª ed.. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, 1982. Sign.: 52/33.



- **Fernández de la Vega, Celestino**
O Segredo do humor / Celestino F. de la Vega ; limiar de Ramón Piñeiro. 2^a ed., corrixida e aumentada, Vigo : Galaxia, 1983. Sign.: 40/81.
- **Méndez Ferrín, Xosé Luis**
O Crepusculo e as formigas / X. L. Méndez Ferrín ; prólogo de Ramón Piñeiro. 3^a ed. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, 1983. Sign.: 43/42
- **Torres Queiruga, Andrés**
A Revelación de Deus na realización do home / Andrés Torres Queiruga ; prólogo de Ramón Piñeiro. Vigo : Galaxia, D.L. 1985. Sign.: 40/78.
- **Rojo Salgado, Arximiro**
As Mocedades Galeguistas : (historia dun compromiso) / Arximiro Rojo ; limiar de Ramón Piñeiro. Vigo : Galaxia, D.L. 1987. Sign.: 40/105.
- **Pimentel, Luis**
Luis Pimentel : escolma de textos / Ramón Piñeiro. A Coruña : Real Academia Galega, 1990. Sign.: 33/125.
- **Cancioeiro da poesía céltiga** / recompilado por Julius Pokorny ; tradución de Celestino F. de la Vega e Ramón Piñeiro. Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 1991. Sign.: 16/82. Exemp. n. 392
- **Cancioeiro da poesía céltica** / recompilado por Julius Pokorny ; traducción de Celestino F. de la Vega e Ramón Piñeiro. 2^a ed.. Vigo : Galaxia, D.L. 1991. Sign.: 40/50.
- **Fernández de la Vega, Celestino**
O Segredo do humor / Celestino F. de la Vega ; limiar Ramón Piñeiro. 3^a ed.. Vigo : Galaxia, 2009. Sign.: 136/72.

RAMÓN PIÑEIRO, AUTOR en publicacións periódicas

NOTA: Os artigos dos que hai ‘separata’ aparecen citados no apartado de monografías. Isto afecta especialmente aos traballos publicados en Grial.

En **AGÁLIA**. Sign.: RG-392

- *Epistolário (escolhido) entre Ramón Piñeiro e I.A. Estaviz*. N. 95-96 (2008) ; p. 13-127.
- *Cartas de Ramom Pinheiro a Carlos Durão*. N. 95-96 (2008) ; p. 133-[163].
- *Carta de Ramom Pinheiro a Montero Santalha*. N. 95-96 (2008) ; p. 165-169.

En **ANDURIÑA**. Sign.: RG-210

- *O meu primeiro encontro coa emigración*. N. 0 (1984) ; p. 6-7.
- *Galicia no arte de Castelao*. N. 4 (1986) ; p. 31.

En **ATENEA**: Revista trimestral do Ateneo ferrolán. Sign.: C-418/8

- *A lingua, sanle do espírito*. (Artigo publicado en 1959 e editado no especial Vieiros de A Nosa Terra en 1989). N. 34 (abr. /xuño 2009) ; p. 26-27.

En **ATURUXO**. Edición facsimilar. . Sign.: RG-96

- *Galicia e Rosalía na poesía de Luis Pimentel*. N. 10 ; p. [18-19].

En **A XANELA**: revista cultural das Mariñas. Sign.: RG-507

- *O menosprezo social da lingua* . N. 27 (Pri. 2009) ; p. 17.

En **BARBERO MUNICIPAL**. (Rianxo, 1910). Edición facsimilar. Sign.: PLA-01/057

- *En justa defensa*. N. 161 (2 ag. 1913) ; p. 2.
- *Ecos de la Argentina. Una carta*. N. 145 (20 abr. 1913) , p. 2.

En **BOLETÍN AURIENSE**. Sign.: SL-R-12

- *Sobre o pensamento galego da Xeneración Nós*. T. 5 (1975) ; p. 31-35.

En **BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA**. Sign.: RG-617

-*Mestre da conciencia galega*. T. 32, n. 357 (1975) ; p. 106-108.

-*Informe de Ramón Piñeiro á Real Academia Galega / edición e comentarios de Antón Santamarina Fernández*. N. 370 (2009) ; p. 7-17.

En **CASA GALICIA, UNIDAD GALLEGIA**. Sign.: RG-128

-*A Língua Galega Na Nosa Universidade*. 1962; p.

-*A polémica actual encol da nosa lingua* . 1973/1974 ; p. 22.

En **CADERNO DO ESPECTÁCULO**. Sign.: RG-181

-*Don Ramón e os precursores*. N. 3 (1981); p. 10.

En **CADERNOS DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VALDEORRESES**. Sign.: RG-243/7

-*O Pensamento de Rosalía de Castro*. N. 6 (1988) ; p. 149-158.

En **COLÓQUIO.LETRAS**. Sign.: RP-239

-*Evolución do problema da lingua*. N. 2 (junho 1971) ; p. 78-80.

-*Martín Sarmiento, o "gran gallego"* . N. 10 (nov. 1972) ; p. 64-66.

-*A expansión crecente da lingua galega* . N. 8 (julho 1972) ; p. 75-77.

En **COORDENADAS**. Sign.: RG-447

-*Alvaro Cunqueiro e a fidelidade á lingua*. N. 2 (1982) ; p. 14-16.

En **EL YUNQUE**. (Lugo, 1931-1932). Edición facsimilar. Sign.: SL-R-81

-*Política de contido / Luis de Veiga*. N. 3 (6 junio 1931) ; p. 8.

-*Racionalización da Política / Luis de Veiga*. N. 6 (otoño 1932) ; p. 3-5.

En **ENCRUCILLADA**: revista galega de pensamento cristiano . Sign.: SL-R-21

-*Algúnhas consideracións sobre a abstención*. N. 21 (xan.-feb. 1981) ; p. 3-7.

En **GALICIA** (Caracas, 1952-1954). Edición facsimilar. Sign.: SL-R-76

-*La evolución del celtismo gallego* . N. 10 (1954) ; p. 7 e 19.

En **GALICIA EMIGRANTE**. Edición facsimilar. Sign.: RG-123

-*Trascendencia social do idioma*. Ano 1, n. 3 (ag. 1954) ; p. 3.

-*A Poesía de Luis Pimentel*. Ano 2, n. 9 (feb. 1955) ; p. 3-4.

-*Unha Entrevista con Ramón Piñeiro / Por Salvador Lorenzana*. Ano 2, n. 11 (abr.-maio 1955) ; p. 16-17.

-*Carta a Ana Campos sobre Teixeira de Pascoaes en Galicia*. Ano 2, n. 13 (ag.-sept. 1955) ; p. 4, 22.

-*Carta a Jacinto do Prado Coelho*. Ano 4, n. 28 (maio 1957) ; p. 8, 24.

En **GRIAL**. Sign.: SL-R-3

-*A Filosofía e o Home*. N. 2 (out.-dec. 1963) ; p. 113-119.

-*Galegos fora de Galicia : Ernesto Guerra da Cal*. Grial. N. 5 (xul.-set. 1964) ; p. 383-385.

-*Galicia nos estudos luso-brasileiros*. N. 18 (1967) ; p. 457-459.

-*Carta a Jean Pierre García*. N. 22 (1968) ; p. 425-431.

-*Xohán Vicente Viqueira*. N. 44 (1974) ; p. 215-218.

-*En percura do Castelao verdadeiro*. N. 47 (xan.-marzo 1975) ; p. 17 -23.

-*A Galicia de Seoane*. N. 65 (1979) ; p. 288-292.

-*A Personalidade política de Fermín Penzol*. N. 73 (xul.-set. 1981) ; p. 279-288.

-*Parolar con Rafael Dieste*. N. 78 (out.-dec. 1982) ; p. 467-469.

-*Consello da Cultura Galega : discurso en el acto de su constitución de Ramón Piñeiro*. N. 84 (abr.-xun. 1984) ; p. 238- 240.

-*Lembrando ó Cilistro*. N. 95 (xan.-marzo 1987) ; p. 13 -22.

-*25 anos de "Grial"* . N. 100 (1988) ; p. 135-137.

-*Da miña acordanza*. N. 111 (xul.-set. 1991) ; p. 341-351.

-*Consello de Galicia*. N. 111 (xul.-set. 1991) ; p. 353-359

-*Acusacións que se nos fan*. N. 111 (xul.-set. 1991) ; p. 360-367.

-*Castelao*. N. 111 (xul.-set. 1991) ; p.369-376.

- Cultura e política*. N.111 (xul.-set. 1991) ; p. 377-381.
- Balance do noso labor*. N. 111 (xul.-set. 1991) ; p. 382-388.
- Conclusións*. N. 111 (xul.-set. 1991) ; p.389-395.
- Cartas de Ramón Piñeiro*. N. 111 (xul.-set. 1991) ; p. 454-462.
- O Galeguismo*. N. 150 (abr.-xuño 2001) ; p. 153-163.
- Catro inéditos* . N. 180 (out.-dec. 2008) ; p. 91-93.
- Primeiros artigos de Ramón Piñeiro ("Yunque", 1931-32)* / Luís de Veiga. N. 181 (xan.-marzo 2009) ; p. 71-73.
- Cartas a Xavier Alcalá*. N. 184 (out.-dec. 2009) ; p. 93-95.
- Correspondencia cruzada entre Ramón Piñeiro e Manuel Rodrigues Lapa, 1972-1973..*/ Piñeiro, Ramón; Lapa, Manoel Rodrigues, 1897-1989. N. 197 (xan.-marzo 2013) ; p. 74-77.
- A revista Grial, vontade de afirmación* . N. 200 (out.-dec. 2013) ; p. 28-31.

En **ÍNSULA**: revista bibliográfica de ciencias y letras. Sign.: RG-191

- Factores esenciales de la literatura gallega* . N. 152/ 153 (xul-ag. 1959) ; p. 13.
- La medicina y el conocimiento del hombre* . N. 176/177 (1961) ; p. 20.

En **LA NOCHE**: suplemento do sábado. Edición facsimilar. Sign.: SL-R-63

- A poesía de Luis Pimentel* / Luis Veiga do Campo. N. 5 (1949) ; p. 2 e 7.

En **LAR**. Buenos Aires. Sign.: RG-143

- Un Poema da emigración*. N. 236-237 (1953) ; p. 41.
- Rosalía, Pondal, Curros*. N. 260-262 (1955) ; p. 21
- Carballo Calero, intérprete da nosa lingua*. N. 272-274 (1956) ; p. 32.

En **MAN COMÚN**. Sign.:RG-91

- A derradeira conversa con Bóveda* . N ?? (xullo, 1980) ; p. 4-5.
- Galaxia e o frente cultural* . N. 7 (feb. 1981) ; p. 35.

En **NORDÉS**. Sign.: RG-444

- Rosalía e Galicia*. N. 2-3 (1975) ; p. 27-28.
- Luis Pimentel na miña lembranza*. 2ª xeira, n. 14 (maio 1990) ; p. 24.

En **OPINION GALLEGA**. Sign.:PLA-02/046

- O Primeiro crásico galego*. Ano 8, n. 147 (en. 1954) ; p. 6.

En **OUTEIRO**. Sign.: RG-275

- O pensamento político de Castelao* . N. 13 (jun. 1984) ; p. 21-22.

En **QUATRO VENTOS**: revista lusiada de literatura e arte. Sign.: RP-6

- Sobre a siñificación galego-portuguesa de Rosalía : carta a Jacinto do Prado* . N. 7 (1955); p. 57-61.

En **RAIGAME**: revista de arte, cultura e tradición populares. Sign.: RG-518

- A Lingoa sangue do espírito*. N. 30 (maio 2009) ; p. 94-95.
- Galicia, Portugal, Brasil*. N. 30 (maio 2009) ; p. 96.
- Galaxia e a cultura galega*. N. 30 (maio 2009) ; p. 97.

En **RONSEL**. Edición facsimilar. Sign.:SL-R-93

- "Ronsel" (1924-1974)* N. conmemorativo del cincuentenario de su publicación ; p. 48-49.

En **TAPAL**. Edición facsimilar. Sign.: SL-R-89

- Trascendencia social do idioma*. N. 7 (1953), p. 14.

En **TEMPOS NOVOS**. Sign.: RG-324

- Ramón Piñeiro, a paixón polo país* : entrevista inédita / texto Luís Alvarez Pousa. N. 43 (dec. 2000) ; p. 64-71.

En **VIEIROS**. Edición facsimilar. Sign.: RG-66

- A Lingoa sangue do espírito*. T.1 (1959) ; p.51-52.
- Galicia, Portugal, Brasil*. Vieiros. T.2 (outono 1962) ; p.59.
- Galaxia e a cultura galega*. T.3 (outono 1965) ; p. 56.

MONOGRAFÍAS SOBRE RAMÓN PIÑEIRO

- **Alonso Grgado, Luis**

Ramón Piñeiro : cronobiografía e cartas / Luis Alonso Grgado, Teresa Monteagudo Cabaleiro. Santiago de Compostela : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 2003. Sign.:16/221.

- **Alonso Grgado, Luis**

Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro : unha contribución / Luis Alonso Grgado, María Cuquejo Enríquez, Teresa Monteagudo Cabaleiro. Santiago de Compostela : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 2003. Sign.: 16/222.

- **Alonso Montero, Xesús**

Ramón Piñeiro ou A reinención da cultura galega. Vigo : Galaxia, D.L. 2009. Sign.: 138/6.

- **Alonso Montero, Xesús**

Ramón Piñeiro ou A reinención da cultura galega.

Vigo : Galaxia, D.L. 2009. Sign.: FR3-33/122.

Dedic. autógrafo do autor.

- **Ameixeiro, Daniel**

Ramón Piñeiro : os días ocultos. 1ª ed. Vigo : Ediciones Xerais de Galicia, 2009. Sign.: FR3-33/118.

- **Barros, Miguel**

O Revisionismo galeguista [Texto fotocopiado] :
Ramón Piñeiro 1950-1980 / Miguel Barros Puente
baixo a dirección do profesor Dr. Ramón Máiz
Suárez. (2007). Sign.: C-423/1. Dedic. autógrafo do autor.

- **Barros, Miguel**

*O Partido Galeguista e a revisión do nacionalismo
de Ramón Piñeiro : 1943-1981 / Miguel Barros Puente*
baixo a dirección do profesor Dr. Ramón Máiz Suárez.
Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de
Compostela, 2008. Sign.: 135/20. Dedic. autógr. do autor.

- **Barros, Miguel**

Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo : 1943-1981. Vigo : Galaxia, 2009. Sign.: 137/14.

- **Biblioteca Pública Provincial (Pontevedra)**

Ramón Piñeiro [Fotocopia] : Día das Letras Galegas, 17 de maio de 2009. (2009). Sign.: C-443/1.

- **C. C. [Casares, Carlos]**

Piñeiro López, Ramón. Gran Enciclopedia Gallega; Santiago de Compostela : Silverio Cañada editor, 1974 . T 25; p. 42-44. Sign.: SL-22/2.

- **Casares, Carlos**

Ramón Piñeiro : unha vida por Galicia. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, D.L. 1991. Sign.: 34/65.

- **Casares, Carlos**

Ramón Piñeiro. Santiago de Compostela : Consellería de Cultura, Dirección Xeral de Cultura, imp. 1996.
Sign.: 27/141.

- **Casares, Carlos**

Ramón Piñeiro : unha vida por Galicia. Vigo : Galaxia, 2005. Sign.: 138/147.

- **Dasilva Fernández, Xosé Manuel**

Ramón Piñeiro, tradutor. Noia : Toxosoutos, D.L. 2009. Sign.: 143/154.

- **Dasilva Fernández, Xosé Manuel**


*Proceso e encarceramento de Ramón Piñeiro : 1946-1949 / Xosé Manuel Dasilva ; epílogo Xesús Alonso
Montero.* Vigo : Galaxia, D.L. 2011. Sign.: 140/235.

- **Fernández, Carlos (1944-)**

O Vento do espírito, de Risco a Ramón Piñeiro. Vigo : Galaxia, 2000. Sign.: 32/308.

- **Forcadela, Manuel**

Diálogos na néboa : Alvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra. Santiago de Compostela : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, imp. 2006. Sign.: 9/165.



- **Hermida, Carme**

Ramón Piñeiro : o tesouro de Armeá / Carme Hermida Gulías ; ilustracións de López & López. Santiago de Compostela : Sotelo Blanco, D.L. 2009. Sign.: C-439/8.

- **Homenaxe a Ramón Piñeiro** / coordinador, Carlos Casares. Santiago de Compostela : Fundación Caixa Galicia, D.L. 1991. Sign.: 35/69.

- **Homenaxe a Ramón Piñeiro** / edición ao coidado de Alexandra Cillero Prieto, Élida Abal Santorum ; ilustracións Siro ; revisión lingüística TERMIGAL. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 2009. Sign.: 136/119.

- **Lembranza de Ramón Piñeiro** : catro discursos : textos lidos o 25 de marzo de 1994 con motivo da inauguración do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro / Marina Mayoral... et al.. Santiago de Compostela : Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, D.L. 1994. Sign.: 29/47.

- **Mato, María Isabel**

Ramón Piñeiro e o seu tempo : "semblanza" : Armea (Láncara) 1915-Santiago de Compostela 1990 . Lugo : El Progreso, D.L. 2002. Sign.: FR-47/245.

- **Novoneyra, Uxío**

Cartas de poeta : de Uxío Novoneyra a Ramón Piñeiro : (1953-1972) / edición ao coidado de, Luís Cochón, Luís Alonso Girgado ; colaboración de, Alexandra Cillero Prieto, Élida Abal Santorum. Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, D.L. 2010. Sign.: 138/203. Exemp. n. 319 dunha tirada de 500.

- **Premios de xornalismo Caixanova.** Vigo: Caixanova, D.L. 2009. Sign.:C-133/16.

- **Ramón Piñeiro : dúas lecturas.** Santiago de Compostela : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 2003. Sign.: 16/220.

- **Ramón Piñeiro : Día das Letras Galegas 2009** / Departamento de Filoloxía Galega ; edición ao coidado de Antón Santamarina. Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, 2009. Sign.: 136/104.

- **Ramón Piñeiro : Día das Letras Galegas 2009** / Seminario de Formación Permanente "Ramón Piñeiro" Eduardo Xosé Cabrera Paradela ... et al. ; Seminario de Formación Permanente "Material didáctico sobre Ramón Piñeiro" M^a Jesús Arcos López ... et al. ; Seminario de Formación Permanente "Ramón Piñeiro na rede" María Silvia Fernández Friol ... et al.. Arteixo : Seminario Permanente de Formación do Profesorado do CEIP Galán, 2009. Sign.: C-463/15.

- **Siro**

Ramón Piñeiro na lembrazna / pinturas e debuxos de Siro. Santiago de Compostela : Presidencia, Secretaría Xeral de Política Lingüística : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 2009. Sign.: FR-C-101/18.

- **Ramón Piñeiro : o amigo que lembramos** / Xesús Alonso Montero ... et al.. Ed. conmemorativa do Día das Letras Galegas 2009. A Coruña: La Voz de Galicia, D.L. 2009. Sign.: FR3-33/119.

- **Ramón Piñeiro : olladas no futuro** : [catálogo de exposición]. Vigo : Galaxia, D.L. 2009. Sign.: C-440/7.

- **Ramón Piñeiro : olladas no futuro** : [exposición] / comisarios Henrique Monteagudo, Carlos Fernández. Vigo : Galaxia, D.L. 2009. Sign.: C-318/21.

- **Ramón Piñeiro: (1915-1990)** : 17 de maio de 2009-Día das Letras Galegas / CEIP Aquilino Iglesia Alvariño (Abadín). [S.l. : s.n.], 2009. Sign.: FR-C-101/14.

- **Rodríguez Polo, Xosé Ramón**

Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo : (1939-1982). 1^a ed. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, 2009. Sign.: 134/182.

- **Santamarina, Antón**

A Linguaxe e as lingüas : Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega e / discurso lido... polo Señor Don Antón Santamarina Fernández e resposta do Señor Don Xesús Alonso Montero. A Coruña : Real Academia Galega, 1998. Sign.: C-351/9.

- **Vázquez Saavedra, Mercedes**

Ramón Piñeiro : do val de Láncara a Compostela. Láncara : Asociación Cultural Val de Láncara, D.L. 2009 Sign.: C-439/13.

- **Vázquez Somoza, Xosé Luís**

Ramón Piñeiro López no día das Letras Galegas. Lugo : Concello de Lugo, Concellería de Educación, 2009. Sign.: C-133/8.

ARTIGOS SOBRE RAMÓN PIÑEIRO en publicacións periódicas

En **AGÁLIA**. Sign.: RG-392

- A Galiza e Portugal em Ramón Piñeiro*. N. 9 (1987) ; p. 47-53.
- Meu relacionamento com Piñeiro* / Isaac Alonso Estraviz. N. 95-96 (2008) ; p. 9-12.
- Ramom Piñeiro na lembrança* / Carlos Durão. N. 95-96 (2008) ; p. 129-132.

En **AIRES DA MIÑA TERRA**: publicación de Terra de Celanova e Baixa Limia. Sign.: RG-306/3

- Un día para Ramón Piñeiro* / A.E. N. 15 (2009) ; p. 23.

En **ATENEA**: Revista trimestral do Ateneo Ferrolán. Sign.: C-418/8


- Ramón Piñeiro : a Real Academia Galega decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas do ano 2009*. N. 34 (abr. /xuño 2009) ; p. 12-13.
- Olladas en Ramón Piñeiro* / Luís Alonso Girgado. N. 34 (abr. /xuño 2009) ; p. 31-32.

En **A TRABE DE OURO**. Sign.: SL-R-19

- As reviravoltas na edición do "Onomástico"* / Luís Cochón e MiroVillar. T. 1, Ano 22, n. 85 (xan.-marzo 2011) ; p. 55-78.
- Dous discursos para un país : as conflitivas relacións entre Ramón Piñeiro e o Consello de Galiza / X.L. Axeitos*. T. 2, ano 20, n. 78 (abr.-xuño 2009) ; p. 181- 207.
- Práctica da apraxia, unha descripción do modo político de Ramón Piñeiro* / X.L. Méndez Ferrín. T. 2, ano 20, n. 78 (abr.-xuño 2009) ; p. 209- 220.

En **ATURUXO**. Edición facsimilar. Sign.: RG-96

- Letras Gallegas 2009* / José Luis Eiroa Martínez. N. 38 (2009) ; p. 10-11.



En **A XANELA**: revista cultural das Mariñas. Sign.: RG-507

- Ramón Piñeiro* / X.T. N. 27 (Pri. 2009) ; p. 15-16.

En **BOLETÍN DA REAL ACADEMIA GALEGA**. Sign.: SL-R-48

- Ramón Piñeiro López*/ Carlos Casares. N. 361 (2000) ; p. 303-304.
- A humanidade de Ramón Piñeiro* / Andrés Torres Queiruga. N. 370 (2009) ; p. 71-74.
- Intervención no Congreso "Ramón Piñeiro e Galeguismo"* / Benjamín Casal Vila. N. 370 (2009) ; p. 19-26.
- Intervención no Congreso "Ramón Piñeiro e Galeguismo"* / José Luis Meilán Gil. N. 370 (2009) ; p. 27-32.
- Intervención no Congreso "Ramón Piñeiro e Galeguismo"* :
pairan ainda sobre a nación / Camilo Nogueira. N. 370 (2009) ; p. 33-37.
- Intervención no Congreso "Ramón Piñeiro e Galeguismo" : proceso e cadea de Ramón Piñeiro, testemuños conocidos e documentos inéditos* / Xosé Manuel Dasilva. N. 370 (2009) ; p. 39-53.
- Ollar a Piñeiro hoxe : de coetáneo a figura histórica* / Ramón Villares. N. 370 (2009) ; p. 57-63.
- Sementar na esperanza* / Víctor Fernández Freixanes. N. 370 (2009) ; p. 65-70.
- Ramón Piñeiro López* / Beatriz García Turnes. N. 371 (2010) ; p. 424-432.

En **BOLETIN GALEGO DA LITERATURA**. Sign.: SL-R-20

- A Carta socrática de Ramón Piñeiro* / Darío Villanueva. N.11 (maio 1994) ; p.67-70.

En **CADERNOS DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VALDEORRESES**. Sign.: RG-243/7

- Presentación de don Ramón Piñeiro* / Tomás Pérez Vidal. N. 6 (1988) ; p. 147-148.

En **ENCRUCILLADA**: revista galega de pensamento cristián. Sign.: SL-R-21

- Ramón Piñeiro e o cristianismo* / Andrés Torres Queiruga. N. 162 (mar./abr. 2009) ; p. 49-67.
- Homilia no funeral de Ramón Piñeiro*. N. 69 (set.-out. 1990) ; p. 367-374.

En **GALICIA** : revista del Centro Gallego de Buenos Aires. Sign.: RG-439

-*Meus dous amigos desencontrados*/ Pérez Prado, Antonio. N. 660 (maio 1993) ; p. 20-22.

En **GALICIA EN MADRID**. Sign.: RG-440

- Ramón Piñeiro y su circunstancia : Jornadas de Cultura Gallega*. N. 38 (xul.-sept. 1991) ; p.6-12.
- En percusa do galeguismo silencioso / Fraguas Fraguas, Antonio*. N. 38 (xul.-sept. 1991) ; p. 13-20.
- *Ramón Piñeiro visto desde Madrid / Mourelle de Lema, Manuel*. N. 38 (xul.-sept. 1991) ; p. 21-25.
- Ramón Piñeiro e o Instituto Galego de Información / Díaz Pardo, Isaac*. N. 38 (xul.-sept. 1991) ; p. 26-27.
- Ramón Piñeiro / García-Sabell, Domingo*. N. 40 (1º trim. 1992) ; p. 13-17.
- *Unha andadura vital / Dónega, Marino*. N. 40 (1º trim. 1992) ; p. 18-23.
- O recanto da filosofía / Baliñas Fernández, Carlos*. N. 43 (4º trim. 1992); p. 21-26.
- O Concepto de galización no pensamento de Ramón Piñeiro / Barreiro Rivas, Xosé Luis*. N. 44 (1º trim. 1993) ; p. 26-34.
- Ramón Piñeiro, a extramuros de Galicia / por Manuel Mourelle de Lema*. N. 85 (2009) ; p. 36-40.

En **GRIAL**. Sign.: SL-R-3

- A Soidade de Ramón Piñeiro / Rodríguez Alvarez, Manuel*. N. 146 (abr.-xuño 2000) ; p. 183-187.
- Ramón Piñeiro : presencia galega no Brasil / ?????. N. 58 (out.-dec. 1977) ; p. 496- 498.*
- Algo máis sobre a "Batalla de Montevideo" : cinco documentos importantes / Alonso Montero, Xesús* N. 163 (2004) ; p. 73-81.
- Cartas en anos escuros / Losada, Basilio*. N. 171 (jul./sep. 2006) ; p. 57-69.
- *Unha Visita a Ramón Piñeiro / Vázquez, María Esther*. N. 169 (2006) ; p. 113-115.
- Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega / Monteagudo Romero, Henrique*. N. 177 (xan.-marzo 2008) ; p. 98-111.
- A interiorización da derrota : Ramón Piñeiro e o nacionalismo galego / Beramendi, Justo*. N. 181 (xan.-marzo 2009) ; p. 52-59.
- Arredor da mesa braseiro / Franco Grande, X.L.* N. 182 (abr.-xuño 2009) ; p. 116-119.
- Cartas dun sabio a un vaidoso / Alcalá, Xavier*. N. 184 (out.-dec. 2009) ; p. [88]-92.
- Día das Letras Galegas dedicado a Ramón Piñeiro / Agrais, Duarte*. N. 182 (abr.-xuño 2009) ; p. 8-9.
- Na tradición galeguista : espíritu e cultura no pensamento de Ramón Piñeiro / Fernández, Carlos*. N. 181 (xan.-marzo 2009) ; p. 26-43.
- Piñeiro e a filosofía da saudade / Torres Queiruga, Andrés*. N. 181 (xan.-marzo 2009) ; p. 44-51.
- Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo / Barros Puente, Miguel*. N. 181 (xan.-marzo 2009) ; p. 15-25.
- Ramón Piñeiro e o nacionalismo vasco : 1945-1946 / Estévez, Xosé*. N. 182 (abr.-xuño 2009) ; p. 64-81
- Ramón Piñeiro e o "Cancioneiro" de Pokorny : anatomía dun certame de tradución / Dasilva, Xosé Manuel*. N. 185 (xan.-marzo 2010) ; p. 111-123.
- Sentir Galicia / Freixanes, Victor F.* N. 181 (xan.-marzo 2009) ; p. 5-7.
- Triunfo e fracaso de Ramón Piñeiro / Villalán, Damián*. N. 181 (xan.-marzo 2009) ; p. 60-69.
- A Filosofía da saudade / Stegagno Picchio, Luciana*. N. 126 (abr.-xuño 1995) ; p. 173-180.
- Cartas de Celestino F. de la Vega / Fernández de la Vega, Celestino*. N. 111 (xul.-set. 1991) ; p.447-453.
- Correspondencia con Rodolfo Prada / Prada, Rodolfo*. N. 111 (xul.-set. 1991) ; p. 410-425.
- Un Problema ortográfico e un estudio lingüístico / Prieto Alonso, Domingos*. N. 56 (abr.-xuño 1977) ; p. 142- 147.
- A Carta socrática de Ramón Piñeiro / Villanueva, Darío*. N. 146 (abr.-xuño 2000) ; p. 179-182.
- *Correspondencia con Rof Carballo / Rof Carballo, Juan*. N. 111 (xul.-set. 1991) ; p. 426-446.
- Informe de Otero Pedrayo á Real Academia Galega / Otero Pedrayo, Ramón*. N. 111 (xul.-set. 1991) ; p. 463-464.
- Leria con Ramón Piñeiro / Díaz Sixto, Xulia*. N. 36 (1972) ; p. 197-201.

En **GUIEIRO**: Organo do Patronato da Cultura Galega. Sign.: RG-191

-*Un gran galego á Universidade de Harvard / García Durán, Juan, Pseud. de Luis Costa García*. Ano 2, n. 2 (nov. 1966) ; p. 7-8.

En **ÍNSULA**: revista bibliográfica de ciencias y letras. Sign.: RF-191

- Ramón Piñeiro y la cultura gallega / Abellán, José Luis*. N. 320-321 (xul.-ag. 1973) ; p. 24-25.
- Carta-discurso a Ramón Piñeiro / Landeira Irago, José*. N. 152-153 (xul.-ag. 1959) ; p. 21.

En **LÚA NOVA**. Sign.: RG-347

-*Letras galegas 2009, Ramón Piñeiro / texto, Beatriz García Turnes.* N. 51 (2009) ; p. 7-9.

En **NORDÉS**. Sign.: RG-444

-*Fonte do Casal : a Ramón Piñeiro / Franco Grande, Xosé Luis.* 2ª xeira, n. 1 (xuño 1980) ; p. 5.

En **NOVA RENASCENÇA**. Sign.: RP-043

-*Ramón Piñeiro : nota bio-bibliográfica / Roca, Tareixa.* Vol. 19, n. 72/73 (1999) ; p. 53-57.

-*Ramón Piñeiro : a saudade elevada a rango metafísico / Torres Queiruga, Andrés.* Vol. 19, n. 72/73 (1999) ; p. 45-52.

En **RAIGAME**: revista de arte, cultura e tradición populares. Sign.: RG-518

-*Ramón Piñeiro e os galeguistas históricos como valedores da autonomía galega / Quintana Garrido, X.R..* N. 30; p. 72-85

-*Aquel día das letras de hai trinta anos / Vázquez-Monxardín Fernández, Alfonso.* N. 30 (maio 2009) ; p. 86-89.

-*Aquel día das letras de hai trinta anos. Entrevista / Vázquez-Monxardín Fernández, Alfonso.* N. 30 (maio 2009) ; p. 90-91.

-*A pegada de Ramón Piñeiro en Vieiros / Piñeiro Feijoo, Antonio.* N. 30 (maio 2009) ; p. 92-93.



En **REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS**. Sign.:RG-678

-*Rosalía de Castro no epistolario Ramón Piñeiro : cartas (e poemas) de Luís Pimentel e Alberto Machado da Rosa / Alonso Montero, Xesús.* N. 3 (2008) ; p. 9-25.

En **SEIVA**. Sign.: RG-297

-*Entrevista con Ramón Piñeiro / Casares, Carlos.* N. 2 (set. 1989) ; p. 135-146.

En **TEMPOS NOVOS**. Sign.: RG-324

-*A impronta cultural e intelectual / Baamonde, Antón.* N. 144 (maio 2009) ; p. 46-48.

-*A transversalidade do galeguismo / Barros, Miguel.* N. 144 (maio 2009) ; p. 43-45.

-*Ramón Piñeiro : un balance difícil / Beramendi, Justo.* N. 144 (maio 2009) ; p. 38-42.

-*Precisións a unhas memorias de Ramón Piñeiro : visión sobre a obra Da miña acordanza / Franco Grande, Xosé Luis.* N. 64 (2002) ; p. 54-58.

En **TERRA E TEMPO**. Sign.: RG-565

-*Carta de Castelao a Ramón Piñeiro : documento inédito / Castelao.* N. 134 (abr. 2005) ; p. 39-46.

-*Ramón Piñeiro dende a discrepancia / Garrido Couceiro, Xoán Carlos.* N. 147/148 (2008) ; p. 5.

MATERIAIS DE ARQUIVO

O FONDO RAMÓN PIÑEIRO



No mes de febreiro de 2005 incorporouse á Fundación Penzol o Fondo Ramón Piñeiro, formado por fondos bibliográficos, documentación variada, especialmente correspondencia, e mobiliario e obxectos, entre o que se ha salientar a mesa de braseiro, a célebre “mesa camilla”, que se conserva nunha recreación do seu gabinete.



O FONDO RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ está organizado segundo o seguinte cadro de clasificación. A súa lectura permite entender a amplitude e grande variedade da documentación que contén, de especial importancia nos eidos da política e da cultura galegas dos dous últimos tercios do século XX.

CADRO DE CLASIFICACIÓN.

1. FONDO ORGÁNICO.

1.1. Documentos persoais.

- 1.1.1. Correspondencia.
 - 1.1.1.1. Cartas dirixidas a Ramón Piñeiro.
 - 1.1.1.2. Cartas dirixidas a outros destinatarios.
 - 1.1.1.3. Cartas enviadas por Ramón Piñeiro.
 - 1.1.1.4. Tarxetas postais.
 - 1.1.1.5. Invitacións, telegramas, felicitacións e outra correspondencia.
- 1.1.2. Individuais.
 - 1.1.2.1. Axendas e notas autobiográficas.
 - 1.1.2.2. Documentos identificativos.
 - 1.1.2.3. Estudos e formación académica.
 - 1.1.2.4. Recortes de prensa sobre Ramón Piñeiro.
- 1.1.3. Homenaxes.
- 1.1.4. Textos evocativos e laudatorios sobre Ramón Piñeiro.
- 1.1.5. Documentos Familiares.

1.2. Documentos patrimoniais.

1.3. Documentos de función.

- 1.3.1. Actividade docente.
 - 1.3.1.1. Cursos de verán no Middlebury College.
 - 1.3.2. Actividade sociocultural.
 - 1.3.2.1. Consello da Cultura Galega.
 - 1.3.2.2. Patronato Rosalía de Castro.
 - 1.3.2.3. Fundación Penzol.
 - 1.3.2.4. Museo do Pobo Galego.
 - 1.3.2.5. Instituto da Língua Galega.
 - 1.3.2.6. Seminario de Estudios Galegos (2^a etapa).
 - 1.3.2.7. Instituto Galego de Información.
 - 1.3.2.8. Real Academia Galega.
 - 1.3.2.9. Fundación Otero Pedrayo.
 - 1.3.2.10. Outras actividades socioculturais.
 - 1.3.3. Actividade política.
 - 1.3.3.1. Partido Galeguista. *Galeguismo Histórico*.
 - 1.3.3.2. Etapa preautonómica.
 - 1.3.3.3. Membro do Parlamento Galego.

1.4. Documentos científicos e literarios.

- 1.4.1. Autógrafos manuscritos e mecanografiados.
- 1.4.2. Obra impresa.

2. FONDOS ESPECIAIS.

2.1. Documentos figurativos.

- 2.1.1. Documentos Iconográficos.
 - 2.1.1.1. Fotografías.
 - 2.1.1.2. Debuxos.

2.2. Coleccións.

- 2.2.1. Autógrafos.
- 2.2.1.1. Traballos orixinais enviados a Ramón Piñeiro.
- 2.2.1.2. Documentos de contido cultural.
- 2.2.1.3. Documentos de contido político.
- 2.2.1.4. Currículos , solicitude de becas e homologación de títulos.

- 2.2.2. Impresos.
- 2.2.2.1. Documentos impresos.
- 2.2.2.2. Recortes de prensa.
- 2.2.2.2.1. Recortes de prensa galega.
- 2.2.2.2.2. Recortes de prensa dos xornais da emigración galega.
- 2.2.2.2.3. Recortes de prensa de publicacións estranxeiras.
- 2.2.2.2.4. Recortes de prensa, ensaios breves, en publicacións varias.
- 2.2.2.2.5. Obras impresas (fotocopiadas).

3. DOCUMENTOS ALLEOS.

3.1. Xoán Vicente Viqueira.

FONDO ORGÁNICO

Documentos persoais

CORRESPONDENCIA

A correspondencia constitúe o fondo fundamental dos documentos persoais de Ramón Piñeiro. Está formada sobre todo por cartas das que el é o destinatario, pero tamén hai un número importante de tarxetas postais, felicitacións de Nadal, invitación e saúdas, recordatorios etc. O volume da documentación do apartado de correspondencia ocupa 66 caixas de arquivo.

Están descritas 5.140 cartas das que RP é o destinatario, pertencentes a 1.185 remitentes, instaladas en 56 caixas. As datas estremas das cartas son 1943 (carta de Luís Pimentel) – 1990. A maioría das cartas son de remitente individual, mais tamén as hai de institucións, especialmente académicas, sociedades, agrupacións culturais, etc. Entre os e as remitentes desta correspondencia figuran persoas sobranceiras da literatura, a cultura, a política, a arte, etc., tanto do ámbito galego coma do español. Destacamos entre eses e esas remitentes, pola súa significación, polo volume da súa correspondencia e relacionándoos alfabeticamente polo apelido a:

Xerardo Álvarez Gallego, Miguel A. Araúxo Iglesias, Victoria Armesto, Heribert Barrera, Eduardo Blanco-Amor, Ramón Cabanillas, Xavier Carro, Xosé Chao Rego, Daniel Cortezón, Xavier Costa Clavell, Álvaro Cunqueiro, Xosé Mª Díaz Castro, Isaac Díaz Pardo, Xosé F. Domínguez Martínez, Xosé Fariña Jamardo, Celestino Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego, Celso E. Ferreiro, Xosé Filgueira Valverde, Xosé L. Fontenla Rodríguez, Xosé L. Franco Grande, Olga Gallego, Camilo Gonsar, Emilio González López, Pedro Laín Entralgo, Xoán López Facal, Sebastián Martínez-Risco, Marina Mayoral, Xosé L. Méndez Ferrín, Isidoro Millán, José M. Montero Santalha, Eduardo Moreiras, Raúl Morodo, Xosé Neira Vilas, Ramón Otero Pedrayo, Isidro Parga Pondal, Raimundo Patiño, Valentín Paz Andrade, Fermín Penzol, Luís Pimentel, Emilio Pita, Luz Pozo Garza, Amancio Prada, Jordi Pujol, Amado Ricón Virulegio, Francisco Rodríguez, Xosé M. Rodríguez Pampín, Luís Rosón Pérez, Silvio Santiago, Siro, Agustín Sixto Seco, Antón Tovar, Pilar Vázquez Cuesta, Enrique Vidal Abascal.

Tamén hai correspondencia abundante con persoas significadas das letras e da cultura portuguesa como Manoel Rodrigues Lapa, con 94 cartas, Alberto Machado da Rosa, Joaquim de Montezuma de Carvalho, A. Rodrigues Baptista, Jacinto do Prado Coelho, Celso Ferreira da Cunha, Mª Elisa de Jesús Gonçalves, J. Alves das Neves, etc.


E tamén é numerosa a correspondencia con profesorado de universidades americanas e europeas como: Donna Hicks, Judy Liskin, Marjone Rosenfeld , C. Zubillaga Barrera e, especialmente, co romanista alemán especialista en galego- portugués e doctor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela, Joseph M. Piel, de quen hai máis de medio cento de cartas.

DOCUMENTOS INDIVIDUAIS E HOMENAXES

Os restantes documentos persoais son documentos individuais que aportan información biográfica de Ramón Piñeiro, como as tres pezas de diario (1953-1984) con notas tomadas por Isabel López García e por el mesmo, a documentación identificativa, a referente ao reclutamento militar, documentación académica (apuntamentos, diplomas, certificacións), documentación médica, retallos de prensa relacionados coa súa actividade cultural e política, que recollen a súa intervención en actos públicos, o nomeamento como Presidente do Consello da Cultura Galega, o ingreso na R.A.G.

Tamén hai documentación referente ás homenaxes recibidas por RP, consistente especialmente en retallos de prensa: a Medalla Castelao, Homenaxe da Casa Galicia de Nova York, a Creu de Sant Jordi, o Premio da Fundación Pedro Barrié, a Medalla de Ouro de Santiago de Compostela.

Tamén se gardan neste apartado textos de Siro, Marina Mayoral e Antón Costa Gómez, evocativos e laudatorios da figura de RP.



Documentos de función

Os documentos de función forman unha sección extensa do arquivo. Inclúe os documentos xerados na súa función como docente e a relativa á actividade sociocultural e política.

FUNCIÓN DOCENTE

Esta documentación está relacionada con cursos de verán impartidos no Middlebury College de Vermont nos anos 1966-1969. Inclúe a relación de alumnos e alumnas, os programas e a bibliografía, así como apuntamentos sobre os ensaístas españoles do Século de Ouro e os do s. XIX e un caderno de notas sobre Unamuno, Quevedo, Ortega e outros.

ACTIVIDADE SOCIOCULTURAL

A actividade sociocultural de RP foi moi intensa e a documentación existente atinxo ao Consello da Cultura Galega, Padroado Rosalía de Castro, Fundación Penzol, Fundación Otero Pedrayo, Museo do Pobo Galego, Instituto da Lingua Galega, Seminario de Estudios Galegos (2ª etapa), Instituto Galego de Información e Real Academia Galega.

- Consello da Cultura Galega:
Hai documentación de 1983 a 1990. Dosieres de prensa, Informes das actividades do Consello, Borradores do Discurso de RP na sesión de constitución (30/11/1983), traballo sobre a situación da lingua, etc.
- Padroado Rosalía de Castro:
Expediente dos actos de inauguración da ruta rosaliana e colocación de primeira pedra do auditorio na Casa-museo Rosalía de Castro.



RP na sesión do Padroado Rosalía de Castro do 24 de xullo de 1951

- Seminario de Estudios Galegos (2ª etapa)
Borrador sobre fins, estrutura e dinámica que definirán o que vai ser o novo Seminario de Estudos Galegos, Organigrama do Seminario durante a 1ª etapa, Anteproxecto de bases para a redacción dos estatutos do Seminario de Estudios Galegos, Proxecto de bases para a redacción dos Estatutos Seminario de Estudios Galegos, Lista de membros da Comisión Xestora.
- Instituto Galego de Información:
3 cartas de Isaac Díaz Pardo a Ramón Piñeiro sobre o IGI e o xornal Galicia nas que fai un enfoque da Editorial como empresa económica, presenta unhas notas sobre a liña a seguir polo xornal Galicia, copia dos planos da sé do IGI e do xornal Galicia, etc.

RP nas instalacións do
Instituto Galego da
Información en Santiago de
Compostela.




- Real Academia Galega:
Autógrafo de RP cun “Plan para recompilación documental”; texto sobre “A nosa situación lingüística”, dirixido á RAG; texto asinado sobre a unificación morfolóxica da lingua galega; proposta de Carlos Casares como novo membro da RAG; listaxe de académicos; documentación sobre o apoio á incorporación do galego ao ensino (19699).
- Fundación Otero Pedrayo:
Expediente sobre o Consello Rector da Fundación (1988).

ACTIVIDADE POLÍTICA

O fondo de RP referido á actividade política abrangue unha vasta e variada documentación que vai de 1934 a 1985, referente ao galeguismo histórico, á etapa preautonómica e á súa actividade como membro do Parlamento de Galicia. Entre outra documentación destacamos a que segue:

- Partido Galeguista / “Galeguismo histórico” (1934-1963):

Autógrafo coa intervención de RP no Mitin das Arengas (1934); autógrafo de Castelao (sen data) sobre a proposta de creación da Xunta de Galiza como órgano de representación dos emigrados galegos; informe do interior ao galeguismo de Bos Aires (1956?); Resposta do grupo de Bos Aires ao informe de maio de 1957 (1958); texto de RP sobre a “Nova orientación do galeguismo” (1963); textos da xuntanza en Santiago de Compostela do galeguismo do interior para fixar a posición respecto do Consello de Galicia e o grupo de Bos Aires (1958).



- Etapa preautonómica (1977-1981):

Manifesto dos 29 (1977); texto de RP sobre “Preautonomía de Galicia; Candidatura de RP ao Senado por Lugo, manifesto e papeletas; *Manifesto da Aldraxe* (1979); Borradores do proxecto de Estatuto; Informes e modificacíons propostas ao Estatuto de Autonomía; Normas ortográficas do galego (1980); Contra-proxecto que formula a Xunta de Galicia ao Proxecto de Real Decreto polo que se incorpora a lingua galega á ensinanza en Galicia.

- Membro do Parlamento de Galicia (1981-1984)

Texto de RP sobre a Lei de Normalización Lingüística (borrador incompleto); Normalización do uso da lingua.

Consellería de Educación e Cultura. Lista de temas sobre lingua e literatura galegas

Documentos científicos e literarios

Esta sección abrange un conxunto de documentos autógrafos, manuscritos e mecanografiados e retallos de prensa coas súas colaboracións. Destacamos:

- Textos e notas que componen a Filosofía da Saudade (algúns datados en 1946 e a maioría sen data).
- Texto manuscrito para libro de memorias inacabado *Da miña acordanza* (1976).
- Tradución do *Cancioeiro da Poesía Céltiga* de Julius Pokorny (1952).
- Discursos e conferencias (1956-1990).
- Artigos publicados en La Noche, Opinión Gallega, El Progreso, La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Memoria da Casa Galicia de Nova York.

FONDOS ESPECIAIS

Fondos figurativos

FOTOGRAFÍAS E DEBUXOS

O fondo inclúe algunas fotografías, especialmente de grupo e tamén fotografías alleas e negativos. En canto aos debuxos inclúe orixinais e impresos de debuxos de Siro.

Coleccións

A sección das coleccións está formada por 187 pezas autógrafas de 103 autores, diversos documentos de contido cultural e político, así como un importante número de publicacións e retallos de prensa sobre diversas materias e personaxes.

Destacamos entre esta documentación:

- 2 pezas de Álvaro Cunqueiro (1935).
- 4 pezas de M. García Barros (1939-1956).
- 3 pezas de Salvador García Bodaño (1960-1981).
- 1 peza de Esnesto Guerra da Cal (1957).
- 6 pezas de M. Rodrigues Lapa (sen data).
- 10 pezas con manuscrito de Manuel María (1949-1964).
- 2 pezas con manuscrito de Uxío Novoneyra (1962-1968).
- 7 pezas con manuscrito de Luís Pimentel (1949-1954).
- 1 pezas de X. V. Viqueira cunha tradución manuscrita (sen data).
- Manuscrito de Ramón Otero Pedrayo no que realiza unha doazón ao Centro Gallego de Caracas. Asinan García Sabell e Ramón Piñeiro en calidade de testigos (1954).
- 6 pezas de guións radiofónicos das emisións galegas na BBC (1950-1951).
- Resumo da primeira reunión de Brais Pinto (1972).
- Listado manuscrito con resumos de documentos medievais (sen data).

Documentos alleos

A sección de documentos alleos está formada pola correspondencia de Xoán Vicente Viqueira, como destinatario e como remitente.

Son 8 cartas orixinais dirixidas a Viqueira entre 1920 e 1927 por Castelao, A. Losada Diéguez, Arturo Noguerol/Vicente Risco e Federico Zamora. E tamén 13 cartas das que é remitente producidas entre 1896 e 1920.

ARQUIVOS PENZOL E FERNÁNDEZ DEL RIEGO

No Arquivo Francisco Fernández del Riego gárdase unha moi ampla e importante documentación do galeguismo durante o franquismo, na que Ramón Piñeiro ten un papel principal pois, como Secretario Político do Partido Galeguista, xera unha grande cantidade de correspondencia e informes. Nesta documentación hai máis dun milleiro de cartas de RP, que canalizaba a comunicación co PG e cos galeguistas en América e en Francia a través de Francisco Fernández del Riego.

Tamén hai 29 fotografías, a maioría delas de grupo, especialmente cos outros membros do grupo Galaxia.

No Fondo Otero Pedrayo gárdanse 109 cartas de Ramón Piñeiro a Otero Pedrayo, datadas entre 1948 e 1976.

De seguido, citamos algúns exemplos desta documentación: (Sign.: FR-CA-068/001)

- Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego comunicando o resultado das entrevistas sostidas sobre a actuación a seguir do Partido. (Lugo, 14/08/1944).
- Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego comunicando as impresións e apoio de Álvaro Gil a actuación e formación do Partido, suxire a consultar a Ramón Martínez López a situación en hispanoamérica, especialmente na Arxentina. (Lugo, 01/09/1944).
- Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego resumindo en catro puntos o resultado da rolda de entrevistas con antigos militantes do Partido, menciona a partida dos representantes vascos. (Lugo, 26/10/1944).
- Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego sobre un encontro sostido con representantes vascos a propósito do novo pacto de Galeuzca e da participación na ANFD (Asamblea Nacional de Forzas Democráticas). (Madrid, 29/11/1944).
- Carta de Ramón Piñeiro sobre o envío dun informe a Alfonso (Castelao?) e a enumeración de 5 puntos para conquerir a constitución de Galeuzca. (Madrid, 26/01/1945).
- Informe número 2 da Secretaría Política do Comité Executivo do Partido Galeguista: O ámeto político actual. (Febreiro, 1945).
- Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego sobre unha outra de Castelao e unha memoria das conversas con vascos e cataláns, elaborada por Ramón Piñeiro con motivo da próxima xuntanza entre Álvaro Gil e Manuel Gómez Román. (Madrid, 12/03/1945).
- Circular do Comité Executivo do Partido Galeguista comunicando a intensificación da acción de proselitismo e fundación de grupos, a regularidade e aumento das aportacións económicas, e o inicio dunha política de atracción de xentes de prestixio ao galeguismo. (Outubro, 1945).
- Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego sobre o envío de documentación e a urxencia de acadar un acordo sobre a entrada de Galeuzca na ANFD. Informa da formación dun goberno catalán no exilio presidido por Irla, despois do fracasado intento de Pi y Sunyer, e un Consello Delegado (Consello Nacional da Democracia Catalana) no interior presidido por Pous y Pagés. Ante a entrada na ANFD urxe a constitución da Xunta de Galicia e a unificación da política galega no exilio. (Madrid, 10/10/1945).
- Carta de Ramón Piñeiro a Francisco Fernández de Riego comunicando as xestións realizadas para conquerir que Castelao entre a formar parte do Goberno da República. Informa sobre o proceso de aprobación do Estatuto de Galicia e a realización de novas detencións que afectan a ANFD. (21/11/1945).
- Carta de Ramón Piñeiro aos membros do Partido Galeguista sobre as conversas sostidas en París con José Antonio Aguirre e José Giral. Recolle o apoio de José Expósito Leiva para a incorporación de Castelao ao goberno do exilio e transmite a impresión de debilidade que este lle causa. (París, 15/02/1946).
- Expediente sobre a detención de Ramón Piñeiro. (1946).